

DECÁLOGO DE PRÁCTICAS AMBIENTAIS NAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE FERROL



Saúda concelleiro

O obxectivo deste decálogo é ratificar o noso compromiso como Administración co Medio Ambiente. Neste documento compilamos de xeito resumido todas aquelas accións que tanto os traballadores e traballadoras das distintas dependencias do Concello poden facer/realizar para acadar unha oficina Máis Verde, así como aquelas actuacións que como Administración podemos realizar para favorecer un Concello máis eficiente.

Este documento é unha parte dentro do Programa Ferrol + Sostible que pretendemos teña continuidade cada ano, no que ademais de avanzar nos compromisos establecidos aquí, seguiremos a traballar nunha maior sensibilización da sociedade.

Acadar un concello máis sostible é un traballo de todos e todas xa que unha pequena achega pode favorecer un grande cambio.

Por un Ferrol + Sostible

Luis Miguel Victoria Gallego

Concelleiro de Medio Ambiente



QUE SON AS BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS NO CENTRO DE TRABALLO?

As boas prácticas ambientais son medidas que se aplican no traballo ou na vida diaria e van dirixidas a reducir os impactos ambientais da actividade que se realiza.

Estas prácticas van tanto dirixidas ao cadro de persoal das dependencias municipais para que poidan facer máis eficiente o seu entorno de traballo dende o punto de vista ambiental, como aparecen plasmados outros tantos compromisos que pode levar a cabo o Concello como administración para acadar o devandito obxectivo.

Este tipo de accións requiren dous aspectos importantes:

- 1. Un cambio no pensamento das persoas respecto a como empregan os recursos na vida diaria e no seu lugar de traballo.*
- 2. Mudanzas puntuais dentro das actividades que se desenvolven no centro de traballo, promovendo a mellora continua e garantindo a eficiencia ambiental.*

Con esta guía queremos convidar a unha reflexión individual sobre as posibilidades de reducir a xeración de residuos e facer un consumo máis eficiente da enerxía no ámbito laboral.

É importante amosar o risco de contaminación que poden xerar determinados produtos no centro de traballo e o xeito axeitado de ser eliminados cando pasan a ser residuos.



De seguido explicaremos unha serie de medidas para levar a cabo de xeito progresivo por parte do propio Concello nas súas dependencias, así como accións dos propios traballadores para contribuír nesa mellora da eficiencia ambiental.



COMO PODO TER BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS NO MEU CENTRO DE TRABALLO?

Cando falamos de boas prácticas ambientais no espazo de traballo estamos a falar das **3R**:

Redución: a redución supón a diminución do emprego de materias en orixe. Consumimos menos recursos e xeramos menos residuos. A produción de residuos supón un gasto importante, debido principalmente ao custo das materias



primas e enerxía desperdiciadas tanto no proceso de xeración como no proceso de eliminación do residuo. A sustentabilidade ambiental está baseada principalmente na redución da cantidade de residuos que se xeran.

Reutilización: supón alongar o ciclo de vida dun produto mediante usos similares ou alternativos do material. Aínda así, no entorno do Concello, sobre todo no que ten que ver co material de oficina, pode ser unha máxima a ter en conta.

Reciclaxe: supón a recuperación dun recurso xa empregado para xerar un novo produto. É importante ter en conta que a separación dos residuos é un paso previo e necesario á reciclaxe.



No último lugar teríamos que situar a eliminación, cando o residuo non se pode empregar nin reciclar, temos que clasificar e depositar no lugar adecuado para o súa correcta almacenaxe e/ou eliminación.



EN QUE ASPECTO DO MEU TRABALLO PODO ACTÚAR? QUE PODO FACER COMO ADMINISTRACIÓN?

Reciclahe, emprego de papel e recollida de residuos



Ata o 90% dos residuos dunha oficina é papel. A introdución de novas tecnoloxías contribuíron de xeito a unha redución do consumo de papel. A produción do papel ten consecuencias moi negativas para o medio ambiente, debido ao consumo de recursos naturais: deforestación, contaminación de augas e enerxía, ademais da



contaminación causada polo branqueadores de cloro e derivados, que xeran refugallo ecotóxicos e acumulables.

Papel novo	Papel reciclado
17 árbores	0 árbores
100 m ³ de auga	20 m ³ de auga
7.600 KW	2.850 KW (aforro do 62,5%)

Fonte: elaboración propia

- ✦ Reducir as impresións de papel (emprego das novas tecnoloxías, arquivos dixitalizados, compartir as copias, reusar papel xa empregado previamente).
- ✦ Fomento da administración electrónica (tanto na xestión interna como da cidadanía cara á Administración Local).
- ✦ Emprego de recursos electrónicos para evitar o formato papel da documentación de XGL, PLENOS, COMISIÓNS, etc.



- ✦ Fomento dende a Administración Local do emprego de papel reciclado ou papel que non empregue cloro no proceso del branqueo (reducindo as emisións de CO², a deforestación e a contaminación de augas). Empregar no seu defecto papel que provén de explotacións forestais sustentables (FSC).
- ✦ Todos os documentos internos serán impresos reutilizando o papel, ou ben empregando papel reciclado e a dobre cara.
- ✦ Colocar contedores separativos no Concello (non só de papel senón tamén de envases de plástico) segundo o tamaño da dependencia municipal e actividade diaria, nas distintas puntas ou no punto verde do concello (dentro do edificio).
- ✦ Fomentar o emprego e información do Punto Limpo.



- ✦ Imprimir en calidade de "borrador" para evitar o gasto de tinta e facilitar a reutilización (sobre todo en documentos internos) e o reciclaxe.

Aforro de auga



- ✦ Non empregar o inodoro como papeleira nin para verter deterxentes ou pinturas.
- ✦ Pechar ben o billa (evitar goteos o perdas de auga cos que se tiran 20 litros de auga ao día cunha perda común continua)
- ✦ Revisión das bocas de rego no Concello e das instalacións de fontanería por profesionais para a detección de fugas.



- ✿ Progresivamente fomentar a instalación de sistemas de aforro de auga, por exemplo de billas con temporizador ou sistemas de detección de presenza, de forma que non exista a posibilidade de que se queden abertos (aforros de ata o 40%).
- ✿ Progresivamente fomentar a colocación de difusores e limitadores de presión nos billas (aforro ata o 70%).

Consumo enerxético



- ✿ Apagar a iluminación nas habitacións baleiras.
- ✿ Non pechar os fluorescentes se pensamos acendelos en menos de 1 hora.

- ✿ Non deixar en stand-by os aparatos eléctricos.
- ✿ Mellorar o illamento de habitacións e estancias para mellorar a eficiencia da calefacción.
- ✿ Empregar luminarias de máxima eficiencia enerxética (as de carcasa metálica son preferibles ás plásticas).
- ✿ Utilizar equipos informáticos enerxeticamente eficientes e configurar o modo de "aforro de enerxía" (Energy Star).
- ✿ Apagar os equipos informáticos para períodos de inactividade superiores a 1 hora.
- ✿ Apagar equipos informáticos e aparatos eléctricos (calefactores, aire acondicionado, etc.) sempre que o seu uso non sexa necesario.



- ✿ Os equipos consumen unha enerxía mínima incluso apagados, polo que se debe desconectar tamén o alimentador de corrente ao final da xornada.
- ✿ Os monitores de pantalla plana consumen menos enerxía e emiten menos radiacións.
- ✿ Configurar o salvapantallas no modo "en negro" xa que aforra enerxía. É aconsellable un tempo de 10 minutos para que entre en funcionamento este modo.
- ✿ Empregar impresoras que dispoñan do sistema de aforro de enerxía (Powersave ou similar), mediante os que o consumo é diminución ao mínimo nos tempos de inactividade ou de espera de impresión. Apagar estas ao final de cada xornada.
- ✿ Aproveitar ao máximo a luz natural e, para ter unha maior efectividade da iluminación, abrir ben

as persianas e contraventás antes de acender as luces.

- ✿ Progresivamente fomentar a colocación de dispositivos con temporizador en baños ou estancias similares para evitar que queden prendidas as luces.
- ✿ Apagar as luces de lugares de paso, aulas e oficinas cando non se empreguen.
- ✿ Progresivamente fomentar a substitución de dispositivos de iluminación incandescente por sistemas baseados en candeas de baixo consumo ou iluminación LED (o máis recomendable), así o consumo será reducido entre un 55%-60%.



OUTRAS CONSIDERACIÓNS



- ✦ Non empregar funxicidas ou praguicidas químicos no coidado das zonas verdes no Concello de Ferrol.
- ✦ Fomentar o uso do transporte público.
- ✦ Fomentar unha mobilidade sustentable e uns hábitos saudables na vida diaria dos veciños/as.
- ✦ Dar pulo á formación do cadro de persoal do Concello, así como da sociedade en xeral dentro deste programa *Ferrol + Sostible*.
- ✦ Favorecer e establecer todas aquelas condicións que favorezan a acadar o obxectivo da "Oficina Verde."

- ✦ Compromiso ético: fomentar nas compras do Concello de Ferrol produtos de Comercio Xusto ou ecolóxicos.